



Indicadores demográficos

Resumo de resultados 25/03/2022

Índice

Introdución.....	1
Indicadores de poboación.....	1
Indicadores de natalidade e fecundidade	12
Indicadores de mortalidade	17
Indicadores de nupcialidade e divorcios.....	20

Introdución

A análise dunha poboación require a elaboración de indicadores demográficos de xeito continuo, para establecer comparacións temporais, que ademais permitan facer comparacións a nivel territorial. Cada ano o IGE presenta un conxunto de **indicadores demográficos** para Galicia, por sexo e ata o nivel municipal, que achegan información acerca da estrutura da poboación, da fecundidade, mortalidade e nupcialidade.

Indicadores de poboación

A poboación galega diminuíu no ano 2020 un 0,21%, segundo as cifras de poboación obtidas da operación estatística Cifras poboacionais de referencia. A evolución da poboación foi negativa en todas as provincias: Pontevedra e A Coruña experimentan as menores caídas (-0,06%, e -0,16%, respectivamente), mentres que en Lugo e Ourense a poboación diminúe un 0,5%, e un 0,56%, entre 2019 e 2020.



Taxa de crecemento composto continuo da poboación

Unidade: tanto por cento

Espazo	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	-0,54	-0,46	-0,53	-0,37	-0,26	-0,10	0,08	-0,21
- A Coruña	-0,45	-0,41	-0,41	-0,21	-0,03	0,05	0,14	-0,16
- Lugo	-0,88	-0,85	-0,83	-0,76	-0,63	-0,58	-0,43	-0,50
- Ourense	-1,11	-0,96	-1,29	-0,99	-0,72	-0,48	-0,32	-0,56
- Pontevedra	-0,31	-0,21	-0,33	-0,21	-0,24	0,01	0,32	-0,06

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

O peso relativo da poboación de Galicia no conxunto de España está a diminuír. Se no ano 2011 a poboación galega representaba o 5,94% da poboación española, no ano 2021 esta porcentaxe diminúe ata o 5,69%.

En canto á distribución da poboación de Galicia por provincias, Lugo e Ourense continúan a perder representatividade mentres que A Coruña e Pontevedra aumentan o seu peso no total galego.

Distribución da poboación segundo o ámbito xeográfico

Unidade: % no total de Galicia

Espazo	2011	2021
A Coruña	41,11	41,59
Lugo	12,60	12,11
Ourense	11,90	11,31
Pontevedra	34,39	34,98


Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

A dispersión característica da poboación galega pode cuantificarse mediante a *densidade de poboación*, que mide o número de habitantes por cada quilómetro

cadrado de superficie do territorio. A comparación dos mapas de densidade de poboación no tempo reflicte o despoboamento que se está a producir en moitos concellos de Galicia.

Densidade de poboación por concellos. Ano 2021

Unidade: habitantes por quilómetro cadrado



Fonte: IGE. *Indicadores demográficos* ([descarga da táboa](#))

Outra característica da poboación galega é que está inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa. A *idade media da poboación* no caso galego continúa a incrementarse ano tras ano, e actualmente sitúase en 47,74 anos.

Idade media da poboación o día 1 de xaneiro de cada ano

Unidade: anos

Espazo	2011	2021
Galicia	45,08	47,74
- A Coruña	44,76	47,46
- Lugo	48,32	50,14
- Ourense	48,77	50,97
- Pontevedra	43,01	46,20

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))


Na estrutura por idades da poboación galega pódese comprobar o proceso de envellecemento: diminúe o peso dos grupos de individuos de menos de 20 anos e de entre 20 e 64 anos, e incrementáase o de 65 e máis anos.

Distribución da poboación por grupos de idade. Galicia

Unidade: porcentaxe

Ano 2011


- Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos
- Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos
- Porcentaxe de poboación menor de 20 anos





Ano 2021

- Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos
- Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos
- Porcentaxe de poboación menor de 20 anos




Fonte: IGE. *Indicadores demográficos* ([descarga da táboa](#))



Para a análise máis específica do proceso de envellecemento úsase o *índice de envellecemento*, que calcula o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20 anos. Dende o ano 1975 o seu continuo incremento reflicte a velocidade do envellecemento da poboación de Galicia, superior no caso das mulleres. Para o conxunto de Galicia situouse no ano 2021 en 163,59; isto significa que, por cada 100 menores de 20 anos, contabilizáronse máis de 163 persoas maiores de 64 anos.

Índice de envellecemento. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Outro indicador, o *índice de sobreenvellecemento*, amosa como está estruturado o grupo de 65 ou máis anos: calcula que porcentaxe representa a poboación de 85 ou máis anos sobre o grupo de 65 ou máis anos. No ano 2021 no conxunto de Galicia sitúase no 19,56%.

Índice de sobreenvellecemento. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))


Unha das preocupacións que xorden a raíz do envellecemento dunha poboación é como se incrementa a denominada poboación en idade potencialmente dependente, que engloba a poboación menor de 15 anos e a de máis de 64 anos, con respecto á poboación en idade potencialmente activa, que inclúe a poboación de entre 15 e 64 anos. O IGE calcula tres indicadores para estudar estas proporcións:



- O *índice de dependencia global*, que relaciona a poboación menor de 15 anos e a de 65 ou máis anos coa poboación de entre 15 e 64 anos. Dende o ano 1975 obsérvase unha lixeira diminución ata o 2008, data na que o indicador comeza a incrementarse.

Índice de dependencia global. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



- O *índice de dependencia xuvenil*, que relaciona a poboación menor de 15 anos coa poboación entre 15 e 64 anos. Na actualidade, en Galicia este indicador caracterízase, ademais de pola súa estabilidade, por non presentar grandes diferenzas entre sexos.

Índice de dependencia xuvenil. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



- O *índice de dependencia senil*, que relaciona a poboación de 65 ou máis anos coa poboación entre 15 e 64 anos. Este indicador, a diferenza do que acontecía co anterior, si que se caracteriza polo seu incremento continuado e pola diferenza que existe no seu valor entre ambos sexos.

Índice de dependencia senil. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)




Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

O IGE estuda tamén a composición do colectivo de poboación en idade potencialmente activa co *índice de estrutura da poboación en idade activa*, que relaciona a poboación de entre 40 e 64 anos coa poboación de entre 15 e 39 anos. Este indicador mantivo certa estabilidade ata o ano 2000, pero presenta un importante crecemento a partir dese ano.

Índice de estrutura da poboación en idade activa. Galicia

Unidade: tanto por cento (%)



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Indicadores de natalidade e fecundidade

Galicia continúa inmersa nun proceso de redución das taxas de natalidade e fecundidade.

Taxa bruta de natalidade


Unidade: nacementos por mil habitantes

Espazo	2020
Galicia	5,65
- A Coruña	5,75
- Lugo	5,13
- Ourense	4,77
- Pontevedra	5,99

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Evolución da taxa bruta de natalidade

Unidade: nacementos por mil habitantes



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Distribución dos nacementos segundo a orde do nacemento

Unidade: porcentaxe (%)

Orde de nacemento	2020
Porcentaxe de nacementos segundo a orde do nacemento	100,00
- Primeiro fillo	54,66
- Segundo fillo	37,10
- Terceiro fillo	6,66
- Cuarto fillo ou seguintes	1,57

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Un indicador amplamente utilizado é o denominado *índice sintético de fecundidade* ou número medio de fillos por muller, obtido como a suma das taxas específicas de fecundidade das mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos); no ano 2020 cifrouse en 1,02 fillos por muller para Galicia.

Idade media á maternidade

Unidade: anos

Espazo	Idade media á maternidade	Idade media á paternidade
Galicia	32,84	35,48
- A Coruña	32,91	35,47
- Lugo	32,31	35,24
- Ourense	32,62	35,46
- Pontevedra	32,97	35,55

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))


A *idade media á maternidade*, calculada como a media aritmética das idades ás que as mulleres teñen os fillos e as fillas, ponderada polas taxas específicas de



fecundidade de cada grupo de idade, situouse no ano 2020 nos 32,84 anos. A idade media á paternidade sitúase por riba da cifra anterior, nos 35,48 anos.

Idade media á maternidade. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Cómpre salientar que a *idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo*, que se viña incrementando ano tras ano desde 2008, nos últimos anos amosa un certo estancamento.

Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo


Unidade: anos

Espazo	2020
Galicia	31,89
- A Coruña	31,89
- Lugo	31,71
- Ourense	31,83
- Pontevedra	31,96

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Por nacionalidade, mantéñense as diferenzas existentes entre a fecundidade das nais españolas e a das nais estranxeiras.

Indicadores de fecundidade segundo a nacionalidade da nai. Galicia

Indicadores	2010	2020
Idade media á maternidade	31,77	32,84
- Idade media á maternidade. Nacionalidade española	32,08	33,18
- Idade media á maternidade. Nacionalidade estranxeira	28,42	29,73
Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	30,65	31,89
- Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo. Nacionalidade española	30,97	32,21
- Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo. Nacionalidade estranxeira	26,61	28,04
Índice sintético de fecundidade	1,10	1,02
- Índice sintético de fecundidade. Nacionalidade española	1,08	0,99
- Índice sintético de fecundidade. Nacionalidade estranxeira	1,45	1,31
Taxa bruta de natalidade	7,95	5,65
- Taxa bruta de natalidade. Nacionalidade española	7,59	5,30
- Taxa bruta de natalidade. Nacionalidade estranxeira	17,36	13,22

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Indicadores de mortalidade

En canto á taxa bruta de mortalidade, en 2020 o efecto da covid-19 fixo aumentar lixeiramente a taxa bruta de mortalidade, que tomou o valor de 12,17 defuncións por cada 1.000 habitantes.

Taxa bruta de mortalidade


Unidade: defuncións por mil habitantes

Espazo	2020
Galicia	12,17
- A Coruña	11,47
- Lugo	15,56
- Ourense	16,69
- Pontevedra	10,35

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Evolución da taxa bruta de mortalidade

Unidade: defuncións por mil habitantes



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

A *esperanza de vida ao nacer*, estimación do promedio de anos que viviría unha persoa nacida no ano de referencia no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia, acadou no ano 2020 en Galicia os 83,41 anos.

Esperanza de vida ao nacer. Galicia


Unidade: anos

Indicadores	2020
Esperanza de vida ao nacer	83,41
- Homes	80,45
- Mulleres	86,28

Fonte: IGE. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Evolución da esperanza de vida ao nacer. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))



A *esperanza de vida aos 65 anos*, neste caso estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que chega con vida aos 65 anos (no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia), situouse no ano 2020 en Galicia nos 21,63 anos. É superior no caso das mulleres, onde o indicador acada os 23,61 anos.

Esperanza de vida aos 65 anos. Galicia


Unidade: anos

Indicadores	2020
Esperanza de vida aos 65 anos	21,63
- Homes	19,42
- Mulleres	23,61

Fonte: IGE. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Evolución da esperanza de vida aos 65 anos. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Táboas de mortalidade ([descarga da táboa](#))

Indicadores de nupcialidade e divorcios

A *taxa bruta de nupcialidade* viuse afectada polas limitacións debidas á pandemia da covid-19 e diminuíu ata os 2,08 matrimonios por cada mil habitantes no ano 2020.

Taxa bruta de nupcialidade


Unidade: matrimonios por mil habitantes

Espazo	2020
Galicia	2,08
- A Coruña	2,17
- Lugo	1,96
- Ourense	1,65
- Pontevedra	2,15

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Evolución da taxa bruta de nupcialidade

Unidade: matrimonios por mil habitantes



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



A idade media ao primeiro matrimonio continúa a ser superior en máis de dous anos no caso dos homes con respecto á das mulleres, segundo os datos correspondentes ao ano 2020.

Idade media ao primeiro matrimonio. Ano 2020


Unidade: anos

Espazo	Homes	Mulleres
Galicia	36,88	34,70
- A Coruña	36,80	34,60
- Lugo	36,82	34,97
- Ourense	36,54	34,47
- Pontevedra	37,08	34,78

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Idade media ao primeiro matrimonio por sexo. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Idade media ao divorcio. Ano 2020

Unidade: anos

Espazo	Homes	Mulleres
Galicia	48,83	45,03
- A Coruña	48,54	44,63
- Lugo	48,61	44,28
- Ourense	48,17	44,38
- Pontevedra	49,39	45,89

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

En Galicia producíronse en 2020 1,41 divorcios por cada 1.000 habitantes.

Taxa bruta de divorcios

Unidade: divorcios por mil habitantes


Espazo	2020
Galicia	1,41
- A Coruña	1,31
- Lugo	1,22
- Ourense	1,59
- Pontevedra	1,54

Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))



Evolución da taxa bruta de divorcios

Unidade: divorcios por mil habitantes



Fonte: IGE. Indicadores demográficos ([descarga da táboa](#))

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_indicadores_demograficos_gl.pdf



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>